



## Concello da Pastoriza (Lugo)

### ANUNCIO

**Publicada no BOP núm. 287 de data, 17/12/2018 a convocatoria das AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE PASTORIZA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2018/2019**

#### OBXECTO DAS AXUDAS

Sufragar parcialmente o custe do traslado dos/as estudantes que cursen, fóra do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, estudos, non universitarios, que non se imparten no Concello da Pastoriza e sempre que se trate de desprazamentos dentro da Comunidade Autónoma

#### REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIAS/OS

1º unidade familiar empadroada no Concello da Pastoriza, con polo menos 12 meses de antelación á publicación das bases reguladoras.

2º. Estar cursando ou ter fillas/os cursando

**- Educación secundaria postobrigatoria: 1º e 2º curso de bacharelato (que non se imparta nun centro do Concello da Pastoriza) e/ou 1º e 2º curso de formación profesional de grao medio.**

3º Cumprir cos requisitos esixidos polas normas reguladoras das subvencións

4º Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello da Pastoriza.

5º. O alumno menor de 30 anos.

#### LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

LUGAR : **Rexistro Xeral do Concello**, Praza de Galicia, 1 -Pastoriza ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

PRAZO: será de 20 días (HÁBILES) dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia **(ATA O 16 DE XANEIRO DE 2019)**

DOCUMENTOS A PRESENTAR: modelo de solicitude e anexos recollidos nas bases xunto a documentación a que se refire a base 5.2

Á solicitude, anexos e bases, ESTAN DISPOÑIBLES, no taboleiro de anuncios e da sede electrónica [www.apastoriza.sedelectronica.gal](http://www.apastoriza.sedelectronica.gal).

A Pastoriza, na data indicada á marxe  
O Alcalde  
Primitivo Iglesias Sierra

